

Resolución do 3 de febreiro, do tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro), pola que se fai público o acordo do Tribunal que aproba e se fai pública a listaxe definitiva de cualificacións do primeiro exercicio do proceso por orde decrecente de puntuación, a listaxe de cualificacións definitivas do segundo exercicio das persoas que resultaron aptas no primeiro exercicio e non estaban exentas da realización do segundo exercicio e se adoptan decisións relativas ao terceiro exercicio do proceso.

En sesión que tivo lugar o 3 de febreiro de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro),

ACORDOU

Primeiro. Estudadas as alegacións e reclamacións presentadas contra as cualificacións provisionais publicadas coa resolución do 26 de xaneiro de 2022, do primeiro exercicio de coñecementos (tipo test) e do segundo exercicio (coñecemento da lingua galega) que tiveron lugar o día 20 de xaneiro de 2022, modificar o Anexo I da resolución do 26 de xaneiro de 2022 nos termos que a continuación se indican:

DNI CIFRADO	APELIDOS	NOME	TOTAL
***2969**	BEA CACABELOS	RODRIGO	5,60
***5880**	VEIGA ENTENZA	BEATRIZ	7,47

Desestimar na súa totalidade o resto de alegacións e reclamacións presentadas.

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe das persoas aspirantes coas cualificacións definitivas obtidas no primeiro exercicio por orde decrecente de puntuación.

Segundo. Publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo II a esta resolución, a listaxe definitiva das persoas aspirantes convocadas á realización do segundo exercicio, que superaron o primeiro exercicio e declaradas aptas na proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro. A Resolución do Tribunal de data 11 de xaneiro establecía que serían convocados á realización do terceiro exercicio (probos de aptitude física) os 300 opositores que resulten aprobados con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exame de acordo co establecido nas bases da convocatoria e sexan aptos/as na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentos/as da súa realización. Unha vez aprobadas as cualificacións definitivas existe empate no posto 300 cunha nota de 5,20, polo que serán convocadas todas as persoas aspirantes que obtiveron dita puntuación (5,20).

Cuarto. O terceiro exercicio (probos físicos) desenvolveranse os días 9, 10 e 11 de febreiro de 2022 do seguinte xeito:

Os días 9 e 10 de febreiro terán lugar no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº1, 36002, da cidade de Pontevedra as probas físicas correspondentes ao terceiro exercicio, e o día 11 de febreiro de 2022 na Academia Galega de Seguridade Pública a proba de natación de acordo cos chamamentos que se publicarán o día 10 de febreiro na web da Agasp..



Tendo en conta que as probas son eliminatorias, as persoas que superen as probas indicadas no Anexo V punto terceiro (probas de aptitude física) realizadas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (todas excepto a proba de natación) , é dicir, que superaran a comprobación da estatura, e as probas físicas correspondentes á proba de velocidade (punto 2.1 do apartado terceiro do Anexo V), proba de potencia de tren superior (punto 2.2 do apartado terceiro do Anexo V), proba de potencia de tren inferior (punto 2.3 do apartado terceiro do Anexo V) e proba de resistencia xeral (punto 2.4 do apartado terceiro do Anexo V) deberán presentarse na piscina da Academia Galega de Seguridade Pública, sita na Rúa da Cultura, s/n, 36680 A Estrada (Pontevedra) de acordo cos chamamentos que se publicarán na web da Agasp o 10 de febreiro de 2022.

Quinto. Ante a situación epidemiolóxica actual derivada do COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

- A. Non se permitirá a asistencia de público, nin acompañantes, nin ningunha persoa allea á realización das probas.
- B. É obrigatorio o uso de máscaras, e todos/as os/as aspirantes convocados deberán traer as súas propias. Deberá ser das tipo cirúrxica ou FFP2. Poderán quitalas soamente durante a execución das probas físicas.
- C. Durante a realización das probas, atenderase a un protocolo específico de prevención do COVID19, e será obrigatorio manter a distancia interpersonal esixida.
- D. Non haberá vestiarios dispoñibles, polo que as persoas aspirantes deberán acudir xa vestidas coas prendas deportivas que vaian empregar
- E. Deberán traer consigo 4 imperdibles, para suxeitar o seu dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento. Non se facilitarán imperdibles.
- F. O persoal aspirante so poderá portar unha bolsa onde gardar as súas pertenzas, e cuxas medidas en ningún caso poderán ser superiores a 50x35x20cm.

Sexto. As persoas convocadas deberán obrigatoriamente acudir provistas de:

- Documento Nacional de Identidade.
- Informe médico en que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física. Iso non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.
- Certificado de vacinación Covid-19 impreso en papel ou ben certificado nominativo impreso de proba PCR e/ou antixenos – COVID19, con resultado negativo, realizado por un laboratorio, con data máxima de expedición, dous días antes do chamamento que figura no Anexo III.

Sétimo. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Oitavo. Antes de comezar as probas físicas, efectuarase o control da estatura das persoas aspirantes, quedando eliminadas as que non alcancen a estatura mínima marcada na convocatoria.

Noveno. Os exercicios físicos realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución. No resto, permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto. As repeticións terán lugar unha vez finalizado o primeiro intento de todos os aspirantes, asegurándose que medien en todo caso entre o primeiro e o segundo intento un descanso mínimo de 5 minutos.



Décimo. Este Tribunal acorda para asegurar a maior precisión dos resultados e seguindo o criterio expresado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que:

Na proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos, as marcas máximas (en minutos, segundos e centésimas esixidas) para a superación da proba son:

Homes:3'30''00'''

Mujeres:4'10''00'''

Na proba de natación:25 metros de estilo libre.

As marcas máximas (en minutos, segundos e centésimas) para a superación da proba son:

Homes: 0' 24''00'''

Mujeres: 0'28''00'''

Décimo primeiro. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Décimo segundo. As persoas aspirantes deberán presentarse coa roupa e o calzado adecuados. Para a proba de natación, utilizarán traxes de baño (que levarán elas mesmas) e do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

Décimo terceiro. Tal e como establece a base 8.8 da convocatoria,os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Ley 39/2015, do 1 de outubro.

En A Estrada, 3 de febreiro de 2022
A Presidenta do Tribunal

María Ramos Canosa

